



| Guía Docente          |  |                    |                |          |
|-----------------------|--|--------------------|----------------|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |                | 2015/16  |
| Asignatura (*)        | Lingua Inglesa 4   | Código             | 613G03019      |          |
| Titulación            |  |                    |                |          |
| Descritores           |  |                    |                |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo           | Créditos |
| Grao                  | 2º cuatrimestre  | Segundo            | Obrigatoria    | 6        |
| Idioma                | Inglés   |                    |                |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |                |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |                |          |
| Departamento          | Filoloxía Inglesa  |                    |                |          |
| Coordinación          | Nuñez Ponte, Carolina  | Correo electrónico | c.nunez@udc.es |          |
| Profesorado           | Nuñez Ponte, Carolina  | Correo electrónico | c.nunez@udc.es |          |
| Web                   | www.udc.es   |                    |                |          |
| Descrición xeral      | Esta materia amplía a formación básica na descrición da lingua inglesa e a teoría e práctica do inglés. O obxectivo xeral é chegar ao nivel C1 de CEF. |                    |                |          |

| Competencias / Resultados do título |                                     |
|-------------------------------------|-------------------------------------|
| Código                              | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe   |                                     |   |                                  |
|---|-------------------------------------|---|----------------------------------|
| Resultados de aprendizaxe   | Competencias / Resultados do título |   |                                  |
| Competencia lectora: comprender unha variedade de textos auténticos procedentes da prensa, obras de ficción, documentos, materiais de promoción ou de publicidade.  | A1<br>A2<br>A6<br>A8<br>A11<br>A15  | B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B10       | C2<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7 |
| Escritura: saber redactar un artigo, un ensaio, textos informativos, propostas, queixas, informes e recensións.   | A4<br>A6<br>A9<br>A10<br>A11<br>A12 | B1<br>B3<br>B4<br>B5<br>B6<br>B7<br>B8<br>B10 | C2<br>C3<br>C4<br>C5<br>C6<br>C7 |
| Comprensión auditiva: comprender distintos tipos de discurso auténtico; monólogos, avisos, programas de radio e televisión, relatorios, anécdotas, interaccións entre varios falantes á vez, entrevistas, debates   | A2<br>A6<br>A10<br>A11              | B8<br>B9<br>B10                               | C1<br>C2<br>C3<br>C7<br>C8       |
| Competencias orais: saber desenvolverse oralmente con falantes nativos e non nativos; proporcionar información, expresar e xustificar opinións, realizar comentarios axeitados, expresar acordo e desacordo, comparar, describir e especular. En resumo, os alumnos deben ser capaces de levar a cabo a comunicación eficaz, e de responder plenamente aos estímulos orais. | A5<br>A6<br>A15<br>A21              | B4<br>B5<br>B6<br>B8<br>B10                   | C2<br>C4<br>C5<br>C7<br>C8       |



|  |    |    |    |
|--|----|----|----|
| Lingua e uso: posuír un vocabulario xeral amplo; coñecer frases e colocacións comúns, matices, verbos con partícula, modos de enlazar oracións; realizar transformacións gramaticais con soltura | A6 | B4 | C2 |
|  | A8 | B5 | C4 |
|  |    | B7 | C5 |
|  |    | B8 | C6 |
|  |    |    | C7 |
|  |    |    | C8 |
|  |    |    |    |
|  |    |    |    |

| Contidos  |  |
|---|--|
| Temas   | Subtemas   |
| -ESCRIBIR:<br>Como escribir tanto un ensaio argumentativo coma un ensaio de investigación en estilo MLA                                     | Que é o estilo de escritura MLA? Estilo e rexistro; linguaxe formal e informal; connotación e denotación; post-estruturalismo e oposición binaria; puntuación; parágrafo; conectores; o ensaio (e.g. o argumentativo e o de investigación); título; introdución; (hipó)tesis vs. tema; corpo; conclusión; fontes de información (web e imprimidas); lista de obras citadas; as citas no corpo do texto; plaxio; notas ao pé e ao final |
| -LER: Como facer exercicios de comprensión lectora  | Que é o pensamento crítico? Diferentes niveis de comprensión dun texto; gramática; vocabulario; estrutura; figuras retóricas; historia e trama; temas; caracterización; inferencia; dedución; análise; alcance e repercusión; significado e interpretación; conclusións; etc.  |
| -FALAR: Como falar en público; como facer unha presentación oral; como participar nun debate; como comportarse nunha entrevista de traballo | Tipos de discursos; consellos para loitar contra o medo escénico; uso de pausas, entoación e ritmo na oralidade; linguaxe corporal; cohesión e coherencia; convencer e persuadir; etc.<br><br>Os debates de clase estarán relacionados con temas relevantes tales como: arte, capitalismo, discriminación, educación, emigración, medios de comunicación e sexualidade entre outros.   |
| -GRAMÁTICA E VOCABULARIO: Repaso e consolidación de formación e uso de palabras, como tamén de estruturas gramaticais importantes.          | Linguaxe formal e académica; formación de palabras; oracións condicionais; voz pasiva; pasado con significado de presente e/ou futuro; verbos modais; verbos con partículas; casos especiais de concordancia substantivo-verbo; etc.   |
| -ESCOITAR: Gravacións audiovisuais en torno á gramática e as entrevistas de traballo  | Os exercicios auditivos estarán relacionados coa gramática vista en clase. Os/ás estudantes tamén traballaredes con entrevistas de traballo e practicaredes para o exame audio-oral.   |

| Planificación  |                                      |   |                         |              |
|--|--------------------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados            | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Sesión maxistral   | A1 A5 A6 A10 A11<br>A15 A21 B1 C7 C8 | 25                                      | 25                      | 50           |
| Seminario  | A8 A12 B4 B7                         | 12                                      | 5                       | 17           |
| Traballos tutelados  | B6 B9 C2 C3 C6                       | 4                                       | 8                       | 12           |
| Presentación oral  | B10 C1                               | 0.5                                     | 12                      | 12.5         |
| Obradoiro  | B5 B8 C4                             | 25                                      | 25                      | 50           |
| Proba mixta  | A1 A2 A4 A9 B3 C5                    | 2.5                                     | 4                       | 6.5          |
| Atención personalizada   |                                      | 2                                       | 0                       | 2            |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado |                                      |   |                         |              |

| Metodoloxías |            |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
|              |            |



|                     |  |
|---------------------|--|
| Sesión maxistral    | Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. Esta sesión completárase con discusións dirixidas.  |
| Seminario           | Técnica de traballo en grupo que ten como finalidade o estudo intensivo dun tema ou dunha lectura. Caracterízase pola discusión, a participación, a elaboración de documentos e as conclusións ás que teñen que chegar todos os compoñentes do seminario.  |
| Traballos tutelados | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais).   |
| Presentación oral   | Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da que o alumnado expón traballos.   |
| Obradoiro           | Modalidade formativa orientada á aplicación de aprendizaxes na que se poden combinar diversas metodoloxías/probas (exposicións, simulacións, debates, solución de problemas, prácticas guiadas, etc) a través da que o alumnado desenvolve tarefas prácticas.  |
| Proba mixta         | Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas.<br>En canto a preguntas de ensaio, recolle preguntas abertas de desenvolvemento. Ademais, en canto a preguntas obxectivas, pode combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación. |

### Atención personalizada

| Metodoloxías        | Descrición  |
|---------------------|---|
| Traballos tutelados | Estamos a disposición dos/as estudantes nos nosos despachos nas horas de titoría, como tamén a través do teléfono e o correo electrónico. |

### Avaliación

| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición  | Cualificación |
|--------------|---------------------------|---|---------------|
| Seminario    | A8 A12 B4 B7              | (GRUPOS MEDIANOS con coordinadora): dedicaremos parte destes grupos de exercer a comprensión da lectura de textos curtos que serán colgados en Moodle.<br>Os/as estudantes deben ler estes textos de antelación, e tamén preparar exercicios Moodle, que serán corrixiados na clase e verificados pola profesora ao longo do curso .<br><br>Aqueles/as alumnos/as que demostren unha extraordinaria participación oral recibirán unha puntuación EXTRA sobre a nota final (ver observacións). | 0             |



|                     |                                      |   |    |
|---------------------|--------------------------------------|---|----|
| Proba mixta         | A1 A2 A4 A9 B3 C5                    | <p>As partes do exame organizaranse como segue:</p> <p>-EXAME DE LECTURA con coordinadora (15%): Esta parte consiste nunha proba de comprensión lectora das LECTURAS OBRIGATORIAS LONGAS, que estarán en MOODLE, e que son distintas dos textos breves tratados nos seminarios. As devanditas LECTURAS LONGAS serán explicadas na sesión de grupo grande o penúltimo día de clase.</p> <p>-EXAME DE ESCRITURA con coordinadora (20%): Teredes que escribir un ensaio argumentativo sobre un tema relevante fixado pola profesora que non foi debatido na clase; este ensaio poñerá a proba as vosas habilidades tanto coa gramática e o vocabulario coma coa escritura tipo MLA. Así pois, debe ter: título, introdución (hipó)tesis, corpo e conclusión.</p> <p>-EXAME AUDIO-ORAL con lector/a (15%): Entrevista de traballo (en rexistro formal) seguindo as directrices explicadas e practicadas en clase, como tamén os modelos e consellos publicados en Moodle.</p> | 50 |
| Sesión maxistral    | A1 A5 A6 A10 A11<br>A15 A21 B1 C7 C8 | <p>(GRUPOS GRANDES con coordinadora): As clases consistirán en leccións teóricas e práctica tanto oral coma escrita. Antes de vir a clase, os/ás estudantes terán que ler NOTICIAS ou ver VÍDEOS que colgaremos en Moodle. Unha vez alí, DEBATERÁN sobre estas noticias/vídeos, organizaranse en grupos e ESCRIBIRÁN un ensaio argumentativo derivado do debate. Os devanditos ensaios serán corrixidos pola profesora e devoltos aos seus autores/ás ao longo do curso. Completaremos a práctica da gramática, o vocabulario e a escritura académica con algún XOGO.</p> <p>Aqueles/as alumnos/as que demostren unha extraordinaria participación oral recibirán unha puntuación EXTRA sobre a nota final (ver observacións).</p>  | 0  |
| Presentación oral   | B10 C1                               | <p>A presentación consiste en facer un VÍDEO-PROXECTO entre 5 e 10 persoas cuxo contido sexa un ANUNCIO ou PROGRAMA para VENDER un PRODUTO ou MÉTODO. Mentres falan, os/as estudantes teredes prohibido ler de calquera tipo de notas. Teredes que preparar o GUIÓN, gravar o VÍDEO e colgalo; o resto das pautas serán explicadas pola coordinadora.</p> <p>Naturalmente, ínstase o alumnado a que use as titorías ao longo do cuadrimestre para consultar as súas dúbidas sobre este proxecto.</p>  | 10 |
| Traballos tutelados | B6 B9 C2 C3 C6                       | <p>Teredes que facer dúas tarefas distintas que se avaliarán por separado:</p> <p>(1) un CV profesional para o/a lector/a (20%) e<br/>(2) unha lista de Obras Citadas en estilo MLA para a coordinadora (20%).</p> <p>En clase, en Moodle e nas titorías dos nosos despachos, darémosvos as pautas necesarias para os traballos. O CV deberá seguir os parámetros elixidos polo/a lector/a. O traballo coa lista MLA, deberá incluír o TEMA elixido polo/a estudante ademais de: un libro dun/a ou máis autores/as, un capítulo nunha colección de ensaios de autores/as diferentes, un artigo de JSTOR e unha fonte electrónica extra (e.g. entrevista en YouTube) SOBRE O TEMA ELIXIDO.</p> <p>Os/as docentes insistimos na ABSOLUTA NECESIDADE de que o alumnado aproveite as horas de clases e as titorías para aprender e consultar as súas dúbidas sobre estes traballos.</p>   | 40 |



|           |          |  |   |
|-----------|----------|--|---|
| Obradoiro | B5 B8 C4 | (GRUPOS MEDIANOS E PEQUENOS con lector/a): En parte dos grupos medianos e en todos os talleres, practicaredes as vosas habilidades para falar, escoitar e traballar coa gramática. Prestarase especial atención a cómo realizar un CV e unha entrevistas de traballo. En ocasións, teredes que facer tarefas baseadas en material que estará en MOODLE.<br><br>Aqueles/as alumnos/as que demostren unha extraordinaria participación oral recibirán unha puntuación EXTRA sobre a nota final (ver observacións). | 0 |
| Outros    |          |  |   |

### Observacións avaliación

- Para poder superar a materia, hai que sacar polo menos un 4 (sobre 10) nos TRABALLOS TUTELADOS e os EXAMES e polo menos un 5 (sobre 10) na NOTA FINAL.
- Os traballos ten que entregarse en tempo e forma. Só aceptaranse entregas con atraso única e exclusivamente se hai unha causa debidamente xustificada (p. ex. cun xustificante médico).
- Os traballos que mostren signos de plaxio serán cualificados cun 0.
- O traballo voluntario dos/as alumnos/as cualificarase engadindo unha porcentaxe EXTRA sobre a nota final como segue: I) PARTICIPACIÓN ORAL EXTRAORDINARIA: clase da coordinadora (+0.2); clase do/da lector/a (+0.2). II) PRESENTACIÓN ORAL INDIVIDUAL: farase en clase da coordinadora nun evento chamado Talent Show--os detalles serán explicados en clase (+0.3). III) ENSAIO DE INVESTIGACIÓN INDIVIDUAL sobre unha (ou dous) das LECTURAS LONGAS (+0.3); o alumnado interesado nesta tarefa terá que dicir con antelación; fixarei TRES ENTREVISTAS convosco no meu despacho ao longo do cuadrimestre para discutir sobre o desenvolvemento do voso traballo. Os ensaios que non fosen supervisados por min desta forma non serán aceptados.
- En caso de folga de profesores/ás en días de clase, se fose necesario, os/as docentes dotarán aos/ás estudantes de material didáctico a través de Moodle. En caso de folga de alumnos/as, os/as docentes poderían pedirlos aos/ás estudantes a entrega de exercicios con que substituír o traballo dese/vos día/s.
- Xa sexa na primeira ou a segunda oportunidade, os/as estudantes que non vingan ao exame serán cualificados/ás como Non presentados/ás.
- Para a oportunidade de XULLO, haberá 2 traballos tutelados e 3 probas de exame ao igual que en xuño. Ao non haber clases, a presentación oral / ou vídeo-proxecto poderá ser individual.
- Aqueles/ás alumnos/ás que se matriculasen oficialmente a tempo parcial e teñan concedida a DISPENSA académica, como establece a normativa desta Universidade, serán avaliados/as en xuño o xullo seguindo os mesmos criterios estipulados na oportunidade de xullo.

### Fontes de información



|                                    |  |
|------------------------------------|--|
| <b>Bibliografía básica</b>         | <p>BIBLIOGRAFÍA RECOMENDADA Collins COBUILD Advanced Dictionary of English. London: Collins ELT, 2012. Print. Collins COBUILD Students? Dictionary plus Grammar (Book &amp; CD). London: Collins ELT, 2005. Print. Cunningham, Gillie, Jan Bell, and Theresa Clementson. Face2face Advanced. Student?s Book and DVD Rom. Cambridge: CUP, 2013. Print. Downes, Colm. Cambridge English for Job Hunting. Cambridge: CUP, 2008. Print. Hewings, Martin. Advanced Grammar in Use: a Self-study Reference and Practice Book for Advanced Learners of English; with Answers and CD-ROM. Cambridge: CUP, 2013. Print. ---. Cambridge Grammar for CAE and Proficiency with Answers and Audio CDs. Cambridge: CUP, 2009. Print. Hopkins, Diana, and Pauline Cullens. Cambridge Grammar for IELTS with Answers: a Self-study Grammar Reference and Practice. Cambridge: CUP, 2007. Print. OED. Oxford English Dictionary. OUP. Web. 1 July 2014. Swan, Michael. Practical English Usage. Oxford: OUP, 1996. Print. The Purdue OWL Family of Sites. The Writing Lab and OWL at Purdue and Purdue U, 2008. Web. 1 July 2014. Vince, Michael. Advanced Language Practice: English Grammar and Vocabulary. Oxford: Macmillan, 2009. Print.</p> |
| <b>Bibliografía complementaria</b> |  |

## Recomendacións

**Materias que se recomenda ter cursado previamente**

**Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

**Materias que continúan o temario**

**Observacións**

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías